



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
1º EDUCACIÓN PRIMARIA.  
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP SAN TOMÉ**  
**NIVEL: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA**  
**36015093**  
**DATA: 6 maio 2020**



## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Atención á diversidade**
- 5. Información e publicidade.**



## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Ccs. Naturais

Ccs. Sociais

Ed. plástica

Ed. musical

L. castellana

L. galega

Matemáticas

P.L.E./Inglés

### Competencia Comunicación lingüística

- Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
- Explica oralmente, de forma sinxela, a importancia do uso responsable dos elementos da súa contorna máis próxima.
- Describe o que sente ou pensa sobre as súas creacións plásticas e as dos compañeiros, usando un vocabulario axeitado.
- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
- Expresa de forma global, sentimentos, vivencias e emocións propias.
- Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
- Le textos sinxelos e adaptados a súa idade con pronunciación e entoación axeitada.
- Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.
- Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, notas e avisos, adiviñas, invitacións, receitas, descrições, carta, narracións e poesía (pareados).
- Escribe con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos (os mencionados anteriormente).
- Desenvolve a conciencia fonolóxica: léxica, silábica e fonémica.
- Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.
- Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas de ortografía propias do nivel (o punto e as maiúsculas)
- Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos.
- Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
- Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos.
- Le textos sinxelos en voz alta acadando progresivamente a velocidade axeitada.
- Comprende as informacións relevantes de textos escritos.
- Elabora pequenos textos de xeito creativo.
- Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.



- Comprende a información esencial dun conto ou canción moi sinxelos, con apoios visuais que axuden á comprensión.
- Comprende vocabulario moi elemental sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
- Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favorita ou gustos).
- Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Le e escribe palabras e frases moi sinxelas, relacionadas cos temas traballados.
- Recoñece e utiliza saúdos e despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (please, thank you).
- Expresa e identifica os estados de ánimo.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula.

### Competencia en Matemática, Ciencia e Tecnoloxía

- Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.
- Recoñece partes do propio corpo ( clasifica se forman parte da cabeza, do tronco ou das extremidades).
- Relaciona a vida saudable cunha alimentación axeitada.
- Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.
- Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.
- Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e realiza observacións sinxelas, recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.
- Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.
- Sabe o número de días que ten unha semana, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características.
- Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.
- Le, escribe e ordena números ata o 99.
- Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais (ata o 99).
- Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras( ata o 99).
- Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
- Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
- Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos (emprega estratexias de cálculo mental).
- Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.



- Resolve problemas sinxelos de medida: mide obxectos da súa contorna, compara pesos e recipientes pola súa capacidade).
- Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes( 5, 10, 20 e 50) para resolver problemas en situacións reais.
- Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.
- Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.
- Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.

#### Competencia en Aprender a Aprender

- Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.
- Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.
- Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
- Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de matemáticas.

#### Competencia en Conciencia e expresións Culturais

- Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera, e do verán que se celebran na contorna e contribúe a súa conservación.
- Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.
- Pon interese en manipular e explorar as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
- Expressa gusto pola lectura como fonte de lecer.
- Coida, conserva e organiza os seus libros.
- Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de goce persoal.
- Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
- Expressa de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.



### Competencia Social e Cívica

- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
- Respecta as normas de convivencia establecidas na escola.
- Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.
- Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.
- Usa unha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Participa no traballo en pequeno grupo.
- Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.
- Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.

### Competencia dixital

- Identifica e describe as partes dun ordenador cando traballa con el.
- Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.
- Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.
- Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.
- Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.

### Competencia Sentido de la Iniciativa e Espírito Emprendedor

- Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.
- Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.



## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío de imaxes de textos escritos a través da aula virtual:             <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Pequenos traballos de investigación.</li> <li>b) Traballos de conciencia fonolóxica( traballamos cada semana un fonema).</li> <li>c) Pequenas redaccións e escrituras creativas ( binomios fantásticos, contar experiencias, escritura creativa relacionada co reto da semana,...)</li> <li>d) Composición de diferentes tipoloxías textuais: receitas,listas, inventar pequenos contos, seguir unha historia,...</li> <li>e) Ditados feitos ocn audios.</li> </ul> </li> <li>• Envío de producións orais (vídeos/audios) a través da aula virtual ou de correo electrónico ( lendo un conto, booktubers, recitando trabalinguas, etc...).</li> <li>• Envío de imaxes e vídeos de resolución de problemas/retos matemáticos/cálculo.</li> <li>• Realización de actividades interactivas en paquetes SCORM e IMS ( para cada reto semanal de ciencias).</li> <li>• Envío de imaxes de tarefas plásticas a través da caixa de entrega na aula virtual (facemos un reto de creación plástica á semana).</li> <li>• Envío de vídeos coa realización de experimentos ( facemos un reto de creación plástica á semana).</li> <li>• Envío de imaxes e audios/vídeos de producións musicais.</li> <li>• Conversas mantidas a través de vídeoconferencias.</li> </ul>
	<b>Instrumentos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Imaxes das probas escritas.</li> <li>• Vídeos e audios.</li> <li>• Imaxes e vídeos de resolución de problemas/cálculo/retos matemáticos.</li> <li>• Imaxes de tarefas plásticas , experimentos e tarefas musicais.</li> <li>• Táboas de indicadores:             <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Rúbricas (expresión oral e escrita).</li> <li>b) Escalas de observación.</li> <li>c) Rexistro de entrega de tarefas.</li> </ul> </li> </ul>



## Avaliación

Nas instrucións do 27 de abril de 2020 sinálase que “a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo *Real Decreto 463/2020*, sempre e cando beneficie ao alumnado”.

No punto 7.2. cítase que “En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial só terá valor positivo para a cualificación do alumnado”.

No punto 7.5. de dita Instrución, sinala que a repetición será unha medida excepcional como sempre se realizou, non sendo nesta situación o número de áreas non superadas o motivo da repetición (deberá estar solidamente argumentada e cun plan preciso de recuperación para o/a alumno/a).

En función diso, e co obxectivo de valorar e premiar o esforzo e traballo que están a levar as alumnas/os nesta complicada situación, as adaptacións que se realizarán en torno a cualificación serán:

### Terceira avaliación:

- Cualificación: media das dúas primeiras avaliacións + valoración do traballo non presencial.
  - o Valoración do traballo non presencial:
    - + 1 punto para todo o alumnado que entregue o 75% das tarefas propostas polo profesorado.
    - + 2 para o alumnado que entregue o 90% + valoración obxectiva empregando os instrumentos de avaliación anteriormente descritos.
- Avaliación: informe sobre a evolución individual

### Avaliación ordinaria:

- Cualificación: realizarase unha media das tres avaliacións para obter a nota global.
- Avaliación: informe individualizado.





### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<p><b>Actividades</b></p>	<p><b>Repaso e reforzo</b></p>	<p><b>Matemáticas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Numeración: Composición, descomposición, lectura e ordenación de números ata 99.</li> <li>- Cálculo de sumas e restas con diferentes técnicas: búsqueda do 10, sumas dobres, diagramas, descomposición, en árbore.</li> <li>- Xogos con regretas( vídeos).</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen sumas e restas ata o 100.</li> <li>- Cálculo mental e razoamento lóxico.</li> <li>- Interpretación de gráficas e datos.</li> </ul>
		<p><b>Áreas lingüísticas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de conciencia léxica, fonémica e silábica.</li> <li>- Lectura e comprensión de pequenos textos.</li> <li>- Escritura creativa en relación coas diferentes tipoloxías textuais: rimas, refráns, carteis, relato de experiencias reais ou imaxinadas.</li> <li>- Actividades de expresión oral: trabalinguas , rimas, retahilas, contacontos, booktubers,..</li> </ul>
		<p><b>Primeira Lingua Estranxeira Inglés:</b></p> <p><b><u>-Comprensión Oral:</u></b> escoitar e comprender vocabulario moi elemental acompañado de imaxes. escoitar audios para completar/resolver tarefas ou exercicios. escoitar cancións sobre o vocabulario traballado. Seguimento e comprensión de historias/contos sobre o tema traballado.</p> <p><b><u>-Expresión Oral:</u></b> Repetir e reproducir palabras, oracións ou cancións escoitadas previamente. Facer presentacións breves sobre temas moi próximos previamente traballados.</p> <p><b><u>-Comprensión Escrita:</u></b> Ler e comprender palabras e oracións moi sinxelas relacionadas co tema.</p> <p><b><u>-Expresión Escrita:</u></b> Completar oracións/textos moi breves con vocabulario previamente traballado. Escribir palabras e frases moi sinxelas relacionadas cos temas xa traballados de forma oral.</p> <p><b><u>- Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción).</u></b> Repaso e reforzo de vocabulario relativo</p>



		<p>a cores, números ata o 10, días da semana, estacións, tempo atmosférico.</p>
		<p><b>Ciencias:</b></p> <p>- Proxectos en torno a bloques de contido estruturados en tres partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• vídeo explicativo con actividades de comprensión.</li> <li>• Experimento e/ou xogo.</li> <li>• Actividade plástica relacionada co bloque de contido.</li> </ul>
		<p><b>Educación Artística:</b></p> <p>- Desenvolvemento de manualidades con diferentes técnicas e materiais en relación co proxecto de Ciencias que se traballe ( materiais, oficios, sol e lúa, primavera, letras galegas, medios de transporte,...),</p> <p>- Uso de diferentes materias, técnicas e soportes para as creacións plásticas e musicais ( por exemplo, un instrumento musical).</p> <p>- Actividades para expresar a súa opinión sobre obras artísticas plásticas e musicais famosas.</p>
	<p><b>Ampliación</b></p>	<p><b>Matemáticas:</b></p> <p>- Estratexia de cálculo: restas en árbore .</p> <p>- Equivalencias entre billetes de 5, 10 , 20 e 50 euros.</p> <p>- Lectura do reloxo dixital e analóxico: e media e en punto.</p>
		<p><b>Áreas lingüísticas:</b></p> <p>- Estrutura do conto: inicio, nó e final.</p> <p>- Conciencia fonolóxica dos fonemas que non se deron nos trimestres anteriores.</p>
		<p><b>Primeira Lingua Estranxeira Inglés:</b></p> <p>-As actividades de ampliación que se levarán a cabo inclúen todas as mencionadas anteriormente no apartado de “repaso e reforzo” ampliando neste caso o léxico referido a: números (ata o 20), animais</p>



		domésticos e a familia.
		<p><b>Ciencias:</b></p> <p>- Proxectos en torno a bloques planificados para a terceira avaliación seguindo os procedementos utilizados na 1ª e 2ª avaliación coas adaptacións obrigadas polo ensino telemático.</p>
		<p><b>Educación Artística :</b></p> <p>- Actividades que contribúan á creatividade e ao uso de material de refugallo e ao reciclaxe</p> <p>- Actividades para continuar ampliando o tipo de técnicas plásticas xa reforzadas e utilizar algunhas ferramentas específicas da educación artística e musical.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<b>Con conectividade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeos/textos explicativos coa presentación do contido.</li> <li>• Tarefas relacionadas co vídeo/texto.</li> <li>• Problemas de aplicación a situacións da vida cotiá.</li> </ul>
	<b>Sen conectividade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío en papel das tarefas, adaptando a presentación do contido a ese formato.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vídeos de produción propia.</li> <li>• Vídeos externos (youtube, eduteca, happylearning...)</li> <li>• Presentacións de produción propia.</li> <li>• Videocontos.</li> <li>• Audios de produción propia.</li> <li>• Videoconferencias.</li> <li>• Aula virtual / web do centro / blogs</li> <li>• Abalar Móvil</li> <li>• Blog de música.</li> </ul>	



#### 4. Atención á diversidade

<b>Medidas adoptadas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Creación dun curso propio na aula virtual para o alumnado recibía apoio educativo por parte da PT.</li> <li>○ Proposta de tarefas nese curso acorde ás características dese alumnado.</li> <li>○ Sesións en webex co alumnado de AL.</li> <li>○ Seguimento por parte do Departamento de Orientación a través de chamadas/videochamadas.</li> </ul>
--------------------------	---

#### 5. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Empregaranse as vías de comunicación habituais neste tempo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comunicación xeral a través de Abalarmóbil. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Información xeral da situación educativa.</li> <li>○ Comunicados de centro.</li> <li>○ Comunicados de aula.</li> <li>○ Salas de mensaxeira para temas diversos.</li> <li>○ Mensaxes privadas a alumnado concreto. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Informe das tarefas entregadas</li> <li>▪ Informe de non conexión (co obxectivo de detectar dificultades, non inquisidor)</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>● Comunicación na aula virtual: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Plan de tarefas.</li> <li>○ Vídeos explicativos.</li> <li>○ Convocatoria de videoconferencias.</li> <li>○ Mensaxeira.</li> <li>○ Propostas voluntarias (vídeos, actividades).</li> </ul> </li> <li>● Webex/Jitsi: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Explicación de tarefas concretas.</li> <li>○ Aclaración de dúbidas a alumnado.</li> <li>○ Sesións de titoría.</li> <li>○ Sesións de PT e AL</li> </ul> </li> </ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</li> <li>● Comunicado de centro en Abalarmóbil.</li> </ul>